

PEZA DO MES

setembro

2020



PUNTA SOLUTRENSE DE CASARDOMATO



Punta solutrense de Casardomato

Contexto arqueolóxico

A peza presentada aquí procede do Colexio de Casardomato (actual CEIP Albino Núñez) en San Miguel de Canedo, na beira dereita do Miño ao seu paso pola cidade de Ourense. Foi doada en 1987 polo seu descubridor, Manuel Penín, ao Museo Arqueolóxico Provincial e permanecía inédita desde entón.

Descrición da peza

A peza de Casardomato tiña como soporte, moi posiblemente, unha lasca de grandes dimensións, aínda que o seu intenso grao de configuración imposibilita a verificación deste extremo. Elaborárona nunha variante de cuarcita de grao fino que, a pesar de ser habitual na carga fluvial do río Miño, indica unha estratexia de selección coidadosa dos mellores tipos de materia prima para a fabricación dunha peza desta complexidade técnica.

A punta mostra unha longa secuencia de retoques bifaciais por presión, con máis de 80 negativos recoñecibles, en series de levantamentos paralelos planos. A súa morfoloxía é alongada, bi-apuntada e netamente simétrica, aínda que nalgún tramo da súa silueta observamos unha delineación lixeiramente denticulada. Neste sentido, o estadio de configuración que mostra indica que estamos ante unha peza finalizada e non en fase de redución. As súas dimensións máximas son 95 x 22 x 2-6 mm e ten un peso de tan só 13 g.

A morfoloxía, a tipometría e a técnica de talla empregada na fabricación da punta de Casardomato fan que encaixe á perfección dentro do mundo das puntas foliáceas solutrenses do suroeste de Euro-

pa, especialmente dentro dos modelos cantábricos. Concretamente trátase dunha «folla de loureiro» de base apuntada (parcialmente fracturada de antigo).

Paralelos

No actual territorio galego contamos coa localización, no ano 2007, de varios fragmentos de puntas foliáceas realizadas en sílex e en cuarcita que foron encadradas dentro do Solutrense superior de tipo cantábrico. Estes achados tiveron lugar no xacemento arqueolóxico de Valverde (Monforte de Lemos, Lugo), onde se recuperaron unhas 2400 pezas de industria lítica. Desgraciadamente, non existe unha datación numérica para este xacemento, pero en base ás características da industria lítica a súa cronoloxía estaría comprendida, *grosso modo*, entre os 23.000 e os 21.000 anos BP. Para o período no que se enmarca este obxecto existen máis paralelos fóra do ámbito administrativo de Galicia. Si acudimos cara ao sur volvemos a atopar algúns exemplos de xacementos solutrenses no norte de Portugal, como os de Foz do Medal (Trás-os-Montes, Portugal), Cardina 1 e Olga Grande 4 (Vila Nova de Foz Côa, Portugal), si ben en ambos casos a entidade do rexistro arqueolóxico é reducido. Agora ben, os conxuntos solutrenses máis representativos temos que buscalos cara ao norte e o leste, na cornixa cantábrica.

O Solutrense cantábrico, e especialmente o asturiano, conta con importantes xacementos con completas secuencias de ocupación deste intre e con variados exemplos de foliáceos que permiten contextualizar, adecuadamente, a punta de Casardomato. Entre as principais secuencias asturianas en cova e/ou abrigo destacan Peña de Cándamo, La Lluera, La Viña, Cova Rosa, El Buxu, Cueto de la Mina, La Riera, Llonín e especialmente Las Caldas. En todos estes xacementos atopamos porcentaxes significativas de foliáceos de diferentes tipos, como

as puntas de cara plana, as puntas con entalle e sobre todo os morfotipos «follas de loureiro», nas súas tres principais variedades: de base cóncava, convexa e apuntada. A diferenza do que se considera habitualmente (a estreita relación entre este tipo de peza e o sílex), os xacementos asturianos presentan un uso moi relevante da cuarcita para a produción de foliáceos, que en casos pode supoñer ata o 80% como por exemplo se observa nos niveis do Solutrense superior de Las Caldas.

A maior profusión de pezas de follas de loureiro bi-apuntadas semellantes á de Casardomato dáse nos niveis do Solutrense superior, polo que permite englobar con certo marxe de fiabilidade neste momento á peza que nos ocupa. Tomando como referencia a completa e dilatada secuencia solutrense da Sala I de Las Caldas, as datacións para estes niveis mostran un arco temporal de entre el 21.541 y el 23.199 BP.

Cronoloxía

Esta peza pertence, por tanto, ao período identificado como Solutrense superior, que se enmarca cronoloxicamente entre o 20.000 e o 17.000 BP. Trátase do período que se atopa delimitado entre o Gravetense e o Magdalenense e cuxo desenvolvemento xeográfico atópase na Europa Occidental e máis concretamente no actual territorio francés e na península ibérica. A súa denominación provén dos xacementos epónimos de Solutré, na rexión de Borgoña (Francia).

O Solutrense desenvólvese durante os momentos máis rigorosos da última glaciación (LMG) e trátase dunha fase caracterizada, fundamentalmente, pola extensión e desenvolvemento das técnicas de talla e retoque baseadas no percusor brando, a percusión indirecta e a talla por presión. Ese perfeccionamento nas técnicas de talla permitiu que os cazadores-recolectores que habitaban en este período fosen capaces de crear pezas foliáceas de bela factura e tan características como a que presentamos aquí.

Paleolítico superior galego

A investigación do Paleolítico superior no territorio galego non despegou ata os anos 70, coa figura de J. M. Ramil Soneira, médico reconvertido a arqueólogo afeccionado. O seu interese por este período cronolóxico é especialmente importante, xa que afrontou a investigación dunha época que permanecera inédita, ata aquel intre, para a investigación en Galicia. No Baixo Miño documentáranse, a comezos do s. XX, industrias líticas que foran atribuídas a esta fase cronolóxica, pero foron consideradas como atípicas e arcaicas. Este razoamento baséase na ausencia das materias primas adecuadas (sílex), o que impedía que os humanos do Paleolítico superior fosen capaces de

desenvolver a tecnoloxía lítica que se daba en outras rexións peninsulares como na cantábrica. Ramil Soneira demostraría que nas serras setentrionais existía un Paleolítico superior semellante ao de outros territorios peninsulares, coa localización de múltiples xacementos atribuíbles a esa época. A súa labor seguiu un proxecto de investigación, levado a cabo a finais dos anos 80 na serra do Bocelo e o val do río Furelos, dirixido por F. Criado Boado e que pretendía identificar a ocupación humana desa zona dende o Paleolítico ata a Idade Media. Entre os xacementos identificados destacan algúns enclaves do Paleolítico superior final e o Epipaleolítico. Nesa mesma década leváronse a cabo traballos arqueolóxicos no lugar arqueolóxico de Cova da Valiña (Castroverde, Lugo), no que se puideron recuperar abundantes restos de fauna asociados, principalmente, a un cubil de hienas (*Crocota crocuta*) e no que eventualmente se identificaron algunhas ferramentas de pedra pouco diagnósticas. A inicios do s. XXI levouse a cabo un proxecto de investigación, que continúa na actualidade, e cuxa finalidade é o estudo dos xacementos paleolíticos da Depresión de Monforte de Lemos e das serras orientais. O proxecto está dirixido por R. Fábregas Valcarce e ata o día de hoxe puideron documentar múltiples enclaves con industria (do período que nos ocupa e de outros de etapas máis antigas do Paleolítico) na depresión de Monforte de Lemos e tamén se escavou nas cavidades de Valdavara e Cova Eirós. Foi nestas dúas cavidades onde se localizaron restos de arte moble e tamén representacións de arte parietal, na última delas. Desa forma, uníanse á primeira evidencia de arte paleolítica localizada no xacemento de Férvedes II (Vilalba, Lugo). Tratábase dun colgante pétreo que fora localizado durante as intervencións de Ramil Soneira.

A finais do s. XX pensábase que existía un *hiatus* no Paleolítico superior galego que abarcaba dende o 31.000 BP ata o 15.000 BP que, en parte, coincidía co Pleniglacial würmiense. Nos últimos anos demostrouse a existencia de ocupacións en momentos previos e posteriores ao LGM. Como demostran as datacións do nivel 1 de Cova Eirós (enmarcadas no 17.000 BP), as de Valdavara 1/2 (adscribas ao 20.000 BP) e a do interior de Valdavara 1 con unha datación de 14.630±70 BP. Asemade, a propia existencia da punta de Casardomato e do xacemento de Valverde reforzan a existencia efectiva de poboacións humanas de tecnoloxía solutrense dentro deste suposto hiato de ocupación.

Lugar de conservación

Como xa mencionamos, na actualidade a peza atópase depositada nos fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, onde está rexistrada co número de inventario CE005377.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Eduardo Méndez-Quintas


Mikel Díaz Rodríguez


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021



 XUNTA DE GALICIA